



No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do trinta de xuño de dous mil dezaseis, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os señores concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión celebrada o día trinta de maio do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade ACORDA prestar aprobación ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o trinta de maio do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO PARA 2015.- Dáse conta ao Pleno, en cumprimento do disposto no Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais e no Real Decreto 500/90, de 20 de abril, da aprobación da liquidación do exercicio económico de 2015, por Resolución da Alcaldía de data trinta e un de maio do actual.

Da Resolución dáse conta ao Pleno, en cumprimento da lexislación anteriormente citada. De conformidade co establecido, procederase á realización dos trámites previstos en orde á aprobación da conta xeral do exercicio.

3.- PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE FRIOL.- Dáse conta ao Pleno de que á vista da aprobación da liquidación do Presuposto do exercicio 2015 e do informe emitido pola Secretaria-Intervención, ponse de manifesto a necesidade da elaboración dun Plan Económico Financeiro, como consecuencia do incumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Dáse conta do contido do Plan Económico Financeiro que se adxunta como Anexo a esta proposta, facendo constar que á vista do exposto no mesmo, non será necesaria a adopción de ningún tipo de medida, xa que a situación que motivou o incumprimento, correxiuse pola aprobación do orzamento para 2016, cumprindo co principio de estabilidade orzamentaria. De conformidade co establecido no art. 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira propónse ao Pleno a aprobación da proposta de acordo que figura no expediente, no senso de aprobación do Plan, a súa remisión á Comisión Nacional de Administración Local e a publicidade do mesmo.

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación aplicable ao respecto, e despois dun breve turno de intervencións, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Económico Financeiro do Concello de Friol, nos termos que constan no documento anexo e que se consideran parte integrante do presente acordo.

SEGUNDO.- Dar traslado do Plan Económico Financeiro e do acordo adoptado á Comisión Nacional de Administración Local.

TERCEIRO.- Publicar os mesmos, do mesmo xeito que o establecido pola lexislación reguladora das facendas locais, para os presupostos do concello, publicando anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos exclusivamente informativos e poñendo o mesmo a disposición do público.

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións O concelleiro do Grupo Socialista Sr.Santos Ramos comeza a súa intervención, anunciando que o seu Grupo votará a favor de esta proposta que se presenta en esta e noutras administracións, debido a un alto nivel de execución dos orzamentos en anos de eleccións. Engade que o mesmo que en outras administracións, a aprobación do orzamento do exercicio corrixe a situación, aproveitando a ocasión para pedir certa contención no gasto cando coincidan os procesos electorais.

O Sr. Alcalde di que toma nota do exposto polo S. Santos Ramos, agradecendo o seu voto a favor. A vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde, cérrase o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.- Dáse conta ao Pleno do expediente de modificación de créditos núm 3/2016 do estado de gastos do actual exercicio (segundo da competencia do Pleno) polo importe de 187.14713€



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

para atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación, empregando como recursos para a súa financiación transferencias de créditos, conforme se detalla no mesmo:

a).- Consignación de gastos con créditos en baixa:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe da baixa de crédito
171-609	Servizos Públicos Básicos. Medio ambiente. Inversións reais. Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	61.634,99.-
171-600	Servizos Públicos Básicos. Medio ambiente. Inversións reais. Inversións en terreos.	25.000,00.-
453-619	Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Inversións reais. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	15.000,00.- 63.071,88.-
241-130.00	Actuacións de protección e promoción social. Fomento do emprego. Gastos de persoal. Persoal laboral. Retribucións básicas.	11.004,47.-
241-130.02	Actuacións de protección e promoción social. Fomento do emprego. Gastos de persoal. Persoal laboral. Outras remuneracións.	5.732,50.-
241-160.00	Actuacións de protección e promoción social. Fomento do emprego. Gastos de persoal. Cuotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador. Seguridade Social.	5.703,89.-
Total baixas de créditos		187.147,73.-

b).- Consignación de gastos con altas de crédito (novas imputacións):

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe da alta de crédito
433-622	Actuacións de carácter económico. Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas. Desenvolvemento empresarial. Inversións reais. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construcións.	48.705,63.-
165-609	Servizos Públicos Básicos. Benestar comunitario. Alumeado público. Inversións reais. Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	63.071,88.-
165-221.00	Servizos Públicos Básicos. Benestar comunitario. Alumeado público. Gastos correntes en bens e servizos. Material, subministrados e outros. Subministrados. Enerxía eléctrica.	18.870,22.-
153-609	Servizos Públicos Básicos. Vivenda e urbanismo. Vías públicas. Inversións reais. Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	1.500,00.-
453-210	Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Gastos correntes en bens e servizos. Reparacións, mantemento e conservación. Infraestruturas en bens naturais.	55.000,00.-
Total altas de créditos IGUAL ás baixas		187.147,73.-

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación aplicable ao respecto (Real Decreto lexislativo 2/2002, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais), e despois do turno de intervencións, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.

- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de Gastos por capítulos do presuposto, resultante das modificacións propostas.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións. Comeza coa exposición do Sr. Alcalde, na que se di que a modificación está desglosada en cinco aplicacións orzamentarias, que se resumen a continuación:

- A primeira refírese á subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a creación dun viveiro de empresas no parque empresarial de Friol, que incluídos os honorarios técnicos do proxecto, ascende a un importe de 48.705,63€
- A segunda refírese á subvención da Consellería de Presidencia, en concorrencia non competitiva, do Fondo de Compensación Ambiental, para o proxecto de "Mellora enerxética de instalacións de luz pública en Cotá, Guldriz de Abaixo e varios parques infantis e recintos verdes". A subvención contéplase no vixente orzamento, pero deberá cambiarse a aplicación orzamentaria, xa que como en pasados exercicios, figuraba para accesos ou estradas, e despois cambiouse o destino dos fondos. O importe ascende a 63.071,88€, incluídos os honorarios técnicos.
- A empresa subministradora de enerxía Gas Natural, non presentou no seu momento a facturas do período comprendido entre marzo e xuño de 2015. Presentadas as mesmas, disculpándose polo erro, débese habilitar crédito para o seu pago, polo importe de 18.870,22€.
- Para os honorarios técnicos en relación coa obra Execución de beirarrúas no tramo urbano da LU 231, actuación incluída no Obradoiro de emprego solicitado xunto cos concellos de Begonte e Rábade, polo importe de 1.500€.
- Dotación complementaria para reparacións, mantemento e conservación de infraestruturas da rede de estradas municipais, polo importe de 55.000€.

A continuación refírese a que ditas actuacións, financiábase con cargo a baixas de outras aplicacións orzamentarias. A primeira de elas, polo importe de 61.634,99€, procede do número 4 do Anexo de inversións do orzamento, xa que se está a xestionar con outra administración pública a financiación do proxecto aprobado. Engade que tampouco está prevista a execución neste exercicio da segunda baixa



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

indicada, cun importe de 25.000€, procedente do número 3 do Anexo de Inversións.

Engade que da aplicación orzamentaria 453.619, figura dúas cantidades para créditos á baixa. A primeira por importe de 15.000€ corresponde co sobranche da aportación municipal para a subvención de Agader, xa que ao coñecer os importes exactos, pódese minorar a previsión orzamentaria prevista. A segunda cantidade, polo importe de 63.071,88€ trátase da subvención do Fondo de Compensación Ambiental, de natureza non competitiva, e o importe dos fondos propios, que estaban previstos na aplicación orzamentaria seguindo o criterio de exercicios anteriores, e faise unha transferencia de crédito, xa que cambiou a actuación a realizar.

Conclúe dicindo que as tres últimas consignacións, correspóndense con parte da previsión orzamentaria para a praza vacante de persoal fixo de Axente de Emprego, que ao non tramitarse a día de hoxe, pode disporse da parte de crédito correspondente.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos di que a postura do seu grupo será a de abstención, aínda que recoñece que a documentación está moi ben feita desde o punto de vista técnico e dos requisitos administrativos e xurídicos a cumprir. Non obstante, pon de manifesto que ano tras ano, vense observando que determinadas previsións contempladas nos orzamentos non se acaban aplicando. Cita o caso da previsión para fomento de emprego, que por causa da relación laboral do axente de emprego, figura duplicada, en canto persoal fixo e temporal, cando se aproba o orzamento e ao longo do exercicio acaba sendo minorada e destinada a outros temas. Tamén figura un detrimento das inversións para destinalo a mantemento e gasto corrente. É consciente de que o mantemento de estradas supón un importe considerable, pero non queren renunciar a que se fagan investimentos en infraestruturas novas. No que supón as partidas a minorar, as dúas primeiras refírese á dotación do aparcamento do mercado municipal, engadindo que o equipo de goberno non se acaba de aclarar se vai facerse ou non. A súa postura ao respecto xa se puxo de manifesto con anterioridade e non van insistir en elo. Conclúe a súa intervención dicindo que, cando menos, houbo unha planificación non moi acertada no proxecto de orzamentos.

O Sr. Alcalde responde que en relación coas inversións novas, deberían dar a enhoraboa polas inversións conseguidas, como un Obradoiro de Emprego, que suporá unha importante xeración de ingresos e gastos, parte en creación de emprego e parte en investimentos, como a obra prevista das beirarrúas do Campo da Torre. Engade que por non facer modificacións de créditos non se vai renunciar a convocatorias de subvencións, xa que cando se fan os orzamentos non se sabe en ocasións a que se vai optar e as convocatorias que van saír. Ao longo do exercicio vanse facendo, o que pasa tanto na Deputación como nos concellos. Conclúe agradecendo a abstención do Grupo Socialista.



O concelleiro Sr. Santos Ramos di que quere facer unha aclaración, xa que quizais non se entendeu moi ben o que él expuxo. Non se opón aos investimentos. Trátase simplemente dunha cuestión procedimental, habendo outros instrumentos para habilitar créditos.

Polo Sr. Alcalde agradécese ao concelleiro a aclaración. Á vista de que polos señores concelleiros non se desexan facer mais intervencións, cérrase o debate e procédese á votación, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

5.- FESTAS LOCAIS 2017.- Dáse conta ao Pleno do escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Economía e Industria, no que a efectos de elaborar o calendario laboral para o ano 2017, emprazan ao concello para determinar as dúas festas locais, tendo en conta que non deben coincidir en domingo, nin en ningún dos días sinalados como festivos autonómicos ou de ámbito estatal.

Á vista do anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello manter as datas de de anos anteriores. Á vista do exposto, e sen que polos señores concelleiros se desexe facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA:**

- Fixar como festas locais para 2017: martes de carnaval (28 de febreiro) e o lúns de Santa Isabel (10 e xullo)
- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, aos efectos oportunos.

Seguidamente polo Sr. Alcalde, proclámase o acordo adoptado.

6.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COA ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO E A ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL DA COMARCA DE LUGO.- Dáse conta ao Pleno do Concello, das resolucións da Alcaldía de datas 1 de xuño e 17 de xuño, das que se transcribe a continuación o seu tenor literal:

"DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO

Á vista dos Estatutos da Asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Lugo, asociación que carece de ánimo de lucro, que atopa cobertura legal do art. 22 da Constitución Española e na Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación.

Á vista dos Estatutos, aínda que non se coñecen nestes intres as cuotas que con carácter obrigatorio se derivan desta adhesión, do disposto na vixente lexislación de réxime local e das consideracións ao respecto, en uso das facultades que me confire o art. 21 da lei de bases de réxime local.

DECRETO:

- Que o Concello de Friol, constitúe como socio fundador a Asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Lugo.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Ceder en precario con carácter provisional dúas aulas na segunda planta nas instalacións que este Concello dispón no Centro Socio Cultural na capitalidade do Concello, como sede social da Asociación. O Concello conserva a facultade de esixila súa restitución cando conveña aos fins e intereses do mesmo, cun prazo de preaviso. O precario implica a utilización do ben mentres o permita o concedente, sen outro título que lle habilite a posesión. A utilización do mesmo será ocmpatible coa utilización polo Concello para outros servizos ou actos cando se estime conveniente. Polo cesionario deberanse conservar as instalacións en estado de decoro e cuidado, impedindo a realización de actividades que xeren risco e non podendo interferir noutros usos que o Concello poida facer no edificio.
- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre en orde á ratificación do disposto na presente resolución.

O que manda e asina en Friol, a 1 de xuño de 2016.

“DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 29 de maio de 2008, ante a constitución do Grupo de Desenvolvemento Local GDR4, no ámbito xeográfico ao que pertence o Concello de Friol, acordou a súa intención de formar parte da asociación.

Dende aquela data, a asociación posteriormente denominada “TERRAS DE LUGO” botou andar, integrando os seus órganos de dirección sen dar participación ao Concello de Friol, de tal xeito que os veciños e veciñas deste termo municipal careceron de voz nesta asociación a través dos seus representantes democráticamente elixidos. Preténdese corrixir esta situación integrándose como socio fundador nunha nova asociación a denominar “ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL DA COMARCA DE LUGO”. Á vista do exposto, carece de sentido permanecer na asociación que a día de hoxe se denomina “TERRAS DE LUGO” debendo consecuentemente, acordar o cese na condición de asociado da asociación

Á vista do exposto, ao abeiro do disposto no art. 8 dos estatutos da asociación, no uso das facultades que me atribúe o art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril,

DECRETO:

- Acordar a baixa inmediata do Concello de Friol na asociación “**TERRAS DE LUGO**”.
- Dar conta ao Pleno do Concello, na vindeira sesión que se celebre, en orde á súa ratificación.

O que manda e asina en Friol a 17 de xuño de 2016

Á vista do actuado, propónse ao Pleno do Concello:

- A ratificación do disposto pola Alcaldía nas resolucións anteriormente transcritas.
- Nomear representante da Corporación na Asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Lugo, ao Alcalde-Presidente José Ángel Santos Sánchez.
- Á vista do exposto e despois do turno de intervencións ao respecto, sométense a votación as tres propostas por separado.

O Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** a ratificación do disposto na resolución de 1 de xuño do actual, en relación coa Asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Lugo.

O Pleno do Concello en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA** a ratificación do disposto na resolución de 17 de xuño



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

do actual, en relación coa baixa do Concello de Friol na Asociación TERRAS DE LUGO.

O Pleno do Concello en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA** nomear representante da Corporación na Asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Lugo, ao Alcalde-Presidente José Ángel Santos Sánchez.

Unha vez que se producen as votacións, polo Sr. Alcalde, proclámanse os acordos adoptados.

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións. O concelleiro Sr. Santos Ramos di que quere saber se as propostas se van votar conxuntamente, ou por separado.

O Sr. Alcalde responde ao concelleiro que como queira, respondendo o concelleiro Sr. Santos Ramos que mellor por separado.

Continúa co concelleiro Sr. Santos Ramos, dicindo que non se opón a que o concello se integre na nova asociación co gallo de concurrir ao novo programa Leader, en orde a participar en todas cantas iniciativas poidan traer recursos. O que non lle parece lóxico é darse de baixa en Terras de Lugo, xa constituída. Ademáis non é absolutamente veraz a motivación para elo, xa que o concello non careceu de participación na mesma. Creáronse mesas sectoriais, dentro dos distintos ámbitos e no institucional, e houbo representantes na Xunta directiva que trasladaban cantos asuntos consideren. Afirmo que o Alcalde de Rábade tivo voz e voto, e membros de esta corporación como Isabel ou o anterior teniente Alcalde Abuín foron a reunións.

Refírese o concelleiro a nova asociación a que queren concurrir para a xestión de fondos Leader, non dudando da lexitimidade da proposta, á vista dos asociados con que conta. Engade que a Asociación Terras de Lugo, contaba con 123 asociados. El foi presidente, agora xa non é, realizándose estratexias para a xestión de programas. A ver como resolve Agader, se hai mais de unha candidatura, esperando que o territorio non quede sen eses fondos. Sería interesante que o concello siga en Terras de Lugo, aínda que se sume á nova iniciativa, sexa como sexa, que o concello de Friol poida estar presente e participar en programas, mais alá de outras lecturas ou participacións

O Sr. Alcalde responde que unha vez que se constitúe unha nova asociación, non ten obxecto permanecer na outra. Fai referencia a unha nova disposición de Agader, na que di que deberán figura na mesma o 51% dos concellos do territorio, estando 8 concellos inscritos, entre eles Friol, Outeiro de Rei, Rábade, Guntín e o



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Corgo, quedando a outra descolgada, non vai cumprir un requisito primordial, polo que carece de sentido permanecer na mesma.

O concelleiro Sr. Santos Ramos responde que se pode estar nas dúas. Refírese tamén aos requisitos de publicidade da constitución, elaboración de estratexia, mesas sectoriais, engadindo que non se cumpriu debidamente con estes requisitos. Sen intención de armar polémica insiste en que as estratexias presentadas pode ter consecuencias. Se Agader resolve que a estratexia elixida é a nova ben, pero non se debería quedar fora en Terras de Lugo. Outra cousa é que non teña presenza institucional. Engade que en Terras de Lugo, o concello de Friol non solicitou ningunha iniciativa como institución, pero si que houbo 15 proxectos solicitados, dos que 9 foron concedidos, 7 productivos e 2 non productivos, que supuxeron 487.000€ de 2.000.000€, actuacións cofinanciadas que requiriron aportacións dos promotores. Conclúe dicindo que salvo que a finalidade sexa que Terras de Lugo non conte con catro concellos adheridos como mínimo, sen armar polémicas, insiste en que o concello debería estar presente na mesma, xestione quen xestione.

O Sr. Alcalde di que xa se presentou en rexistro o novo proxecto e a nova estratexia, que considera que están ben elaborados. En relación coa asociación Terras de Lugo, di que fixo unha boa labor, pero vai quedar obsoleta e por eso se da de baixa e de alta na nova. Cree que é importante para os veciños esta nova etapa do programa Leader, con novas directrices a seguir e un novo contido. Coa súa intervención, céntrase o debate e procédese á votación por separado das propostas, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde os acordos adoptados, agradecendo o voto favorable e a abstención do Grupo Socialista en dúas das votacións.

7.- SEDE E SELO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE FRIOL.- Dáse conta ao Pleno do disposto na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. No seu art. 39 prevee, que en caso de actuación automatizada deberá establecerse previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Así mesmo, indícarase o órgano que debe ser considerado responsable para os efectos de impugnación.

Así mesmo, o art. 18 prevé, para a identificación e autenticación do exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, a posibilidade de utilizar selos electrónicos baseados en certificados electrónicos que reúnan os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.

Por outra parte, o art. 19 do Real Decreto 1671/2009, de 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a mencionada Lei, determina que a creación dos selos electrónicos se realizará mediante resolución do titular do organismo público



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

competente, que se publicará na sede electrónica correspondente, regulando os datos que necesariamente deben figurar na resolución aprobatoria.

O Concello de Friol aprobou a Ordenanza Municipal da Administración Electrónica por acordo plenario de 16 de decembro de 2010, no exercicio da súa potestade regulamentaria para a aplicación da Lei 11/2007, de 22 de xuño, que dispón que as Administracións Públicas poderán emitir actos administrativos de forma automatizada, nos termos previstos na normativa aplicable e na Ordenanza, con total validez fronte a terceiros. Polo Pleno do Concello, na sesión de 2 de decembro de 2011, acordouse a rectificación dun erro de transcripción.

O concello, do mesmo xeito que a maioría dos concellos da zona, acordouse adxudicar a prestación do servizo "GESTIONA" á empresa AUTOLUCE S.A.U, que por razóns técnicas, o aplicativo require unha configuración específica para a sede electrónica, propónse ao Pleno do concello a adopción da proposta de acordo ao respecto.

Á vista do actuado, e sen que polos señores concelleiros se desexen facer intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA**:

- Aprobar as actuacións administrativa automatizadas do Concello de Friol.

1.- Expedición dos recibos acreditativos da recepción dos documentos presentados no Rexistro do Concello de Friol.

Descrición do procedemento: a recepción e a emisión de solicitudes dará lugar aos asientos correspondentes no Rexistro do Concello, utilizándose medios telemáticos seguros para a realización dos asientos e a recuperación dos datos de inscrición. O traslado aos interesados do recibo de presentación dos escritos que deban motivar anotación no Rexistro realizarase, sempre que sexa posible, na mesma sesión na que se realice a presentación, de tal xeito que se garanten plenamente a autenticidade, a integridade e o non repudio pola Administración do contido dos formularios presentados así como dos documentos anexos aos mesmos, proporcionando aos cidadáns os elementos probatorios plenos do feito da presentación e do contido da documentación presentada, susceptibles de utilización posterior independente, sen o concurso da Administración ou do propio Rexistro.

O Rexistro Electrónico emitirá automaticamente polo mesmo medio un acuse ou recibo asinado electronicamente co selado de tempo pola secretaría do Concello de Friol, co seguinte contido:

- a) O número o código de rexistro individualizado.
- b) A data e hora de presentación.
- c) A identidade del presentador ou destinatario e, no seu caso, do representado, mediante nome e apelidos, documento nacional de identidade, NIF, NIE, pasaporte ou equivalente.
- d) Os datos introducidos no formulario de presentación.
- e) No seu caso, a enumeración e denominación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación ou documento presentado.

O recibo de presentación indicará que o meso no prexuzga a admisión definitiva do escrito se concurrira algunha das causas de rexeitamento. O sistema de información que soporta o Rexistro Electrónico garantizará a constancia de cada asiento de entrada que se practique e do seu contido.

2.- Sinatura dos Documentos escaneados no Rexistro do Concello de Friol:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Descrición do procedemento: a recepción de documentos en formato papel no Rexistro de Entradas do Concello, terá que ser escaneada na medida do posible.

Mediante a funcionalidade de Gestiona de dixitalización desatendida, no proceso de incorporación do documento escaneado á anotación registral, incluírase o selo de órgano do Concello, para acreditar a orixe do documento escaneado en correlación ao orixinal en papel.

Segundo.- Os órganos competentes en relación coas actuacións administrativas automatizadas serán os seguintes:

Para a definición das especificacións ou detalle do procedemento de creación e emisión do certificado: Secretaría.

Tercero.- Crear o seguinte selo electrónico, coas características seguintes:

1.-"Selo electrónico do concello de Friol".

a) A responsabilidade da súa utilización corresponderá ao órgano mencionado, cuxo titular é un funcionario de administración local con habilitación de carácter estatal.

a) As características técnicas xerais do sistema de sinatura e certificado son:

1. Código único de identificación (Número de serie):

2C 39 20 57 7E 1A 8B 5C

2. Prestador de servizos de certificación que emite o certificado:

- c=ES

- o=ACCV

- ou=PKIACCV

- cn=ACCVCA-120

3. Identificación do selo electrónico: c=ES

- o=CONCELLO DE FRIOL

- ou=selo electrónico

- serialNumber=P2702000G

- cn=CONCELLO DE FRIOL

4. Comezo e fin do período de validez do certificado:

- Comezo do período de validez: 2016/06/01 14:16:25 +02'00'

- Fin do período de validez : 2019/06/01 14:16:25 +02'00'

5. Límites de uso do certificado: Sinatura dixital Sen repudio, Cifrado de clave, Cifrado de datos (f0)

6. Huella digital do certificado (Huella digital SHA1): BD ED D6 5A C0 70 33 89 B6 66 71 0A D3 DF 23 BB 67 63 97 DD

a) A verificación da validez e comprobación da non revocación do certificado poderán realizarse a través da web do prestador do servizo de certificación nas seguintes direccións :

CRL:

URI = http://www.accv.es/fileadmin/Archivos/certificados/accvca120_der.crl

Emisor de CRL:

c=ES

o=ACCV

ou=PKIACCV

cn=ACCVCA-120

Método = Emisor de autoridade de certificación

URI = <http://www.accv.es/gestcert/ACCVCA120.crt>

Método = OCSP

URI = <http://ocsp.accv.es>

A verificación da autenticidade do documento realizarase a través da sede electrónica do concello de FRIOL

Cuarto.- Os selos electrónicos poderán ser utilizados nos seguintes procesos de tramitación automatizada:

1.- Expedición dos recibos acreditativos de entrada e saída dos documentos no Rexistro do Concello de Friol

2.- Sinatura dos Documentos escaneados no Rexistro do Concello de Friol

Quinto.- O órgano responsable a efectos de impugnación será o ALCALDE.

Sexto.- O presente acordo publicarase no BOP e na sede electrónica do Concello de Friol

- Polo que se refire á sede electrónica do Concello de Friol:

Primeiro.- A nova configuración da sede electrónica, atendendo aos requirimentos técnicos da plataforma GESTIONA, dispoñible no enderezo URL <http://friol.sedeelectronica.gal>, cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a este Concello.

Segundo.- A sede electrónica suxéitase os principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

Terceiro.- A sede electrónica será accesible aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razón xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderán interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade á mesma.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Cuarto.- Tal e como establece a disposición final terceira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos servizos Públicos, os dereitos recoñecidos no art. 6 desta Lei, poderán ser exercidos en relación cos procedementos e actuacións adaptados a ela, a estes efectos, o Concello fará público na sede electrónica e manterá actualizado o catálogo de procedementos e actuacións.

Quinto.- Establecer que a publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica terá carácter complementario á publicación no taboleiro de anuncios municipal, sen prexuízo de que poida ser substituída pola devandita publicación electrónica nos casos en que así se determine.

Sexto.- Desde a sede electrónica accederase ao perfil do contratante do Concello, cuxo contido axustarase ao disposto na normativa de contratación.

Sétimo.- A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo figurar en todo caso:

- a) A identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e dos responsables da xestión e dos servizos postos a disposición dos cidadáns na mesma.
- b) A información necesaria para a correcta utilización da sede, incluíndo o mapa da sede electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles.
- c) O sistema de verificación dos certificados da sede e dos selos electrónicos.
- d) Un acceso ao rexistro electrónico e as normas de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles desde a sede.
- e) A información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.
- f) O inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo Concello.
- g) A relación dos medios electrónicos aos que se refire o art. 27.4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de Acceso electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos.
- h) Unha ligazón para a formulación de suxestións e queixas ante os órganos que en cada caso resulten competentes.
- i) O acceso, de ser o caso, ao estado de tramitación do expediente, previa identificación do interesado.
- j) A comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abarca a sede que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.
- k) A indicación da data e hora oficial.
- l) O calendario de días hábiles e inhábiles a efectos do computo de prazos.

Oitavo.- O Concello publicará de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, todo iso de conformidade coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Neste sentido, o Concello publicará:

- Información institucional, organizativa e de planificación.
- Información de relevancia, isto é normativa propia, tanto ordenanzas ou regulamentos como ordenanzas fiscais ou calquera outras disposicións de carácter xeral.
- Información económica, orzamentaria e estatística.

Noveno.- Hábilitase á Alcaldía- Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións do presente acordo e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

Seguidamente polo Sr. Alcalde, procedeuse á proclamación do acordo adoptado.

Neste intre e por razón de abstencións contempladas na vixente lexislación de procedemento administrativo, o Sr. Alcalde abandona o Salón de Sesións, presidindo momentaneamente a mesma o Prmer Teniente Alcalde Don Mauro Faustino Mourín González, que da a palabra ao concelleiro Sr. Casal Pena, para que proceda á exposición da proposta.



8. - VARIACIÓN DE TRAZADO DE CAMIÑO. DESAFECTACIÓN.- Dáse conta ao Pleno do expediente incoado a solicitude de Dona Josefa Sánchez Barreiro, en orde á desafección e permuta de un tramo do camiño en San Mamede de Nodar, segundo proxecto elaborado ao efecto polo arquitecto Enrique Mayo- OTYSER Servizos de Arquitectura. O camiño figura no Inventario de Bens Municipais co número de orde dentro do Grupo 270-7, número de orde dentro do Inventario 270, que comeza en San Mamede e remata en Bidueiro. O tramo no que se solicita desafección e permuta é de 70 metros aproximadamente.

Ao respecto da solicitude, emitiuse informe técnico coa data 28 de marzo, polo arquitecto Sr. López Vázquez, no que á vista da solicitude e da documentación presentada considérase suficiente para tramitar o expediente. Engade que durante a tramitación terá que demostrarse que non existen prexuízos para o uso público, á vista do contido das alegacións que no seu caso se presenten durante a tramitación pública, e que na mesma se acredita que non se prexudica o interese xeral, producindo a modificación do trazado determinadas melloras de seguridade viaria, fluidez do tráfico, salubridade e visibilidade. Refírese a continuación ás circunstancias de índole urbanística, a xustificación da desafección e a xustificación da permuta; en relación coa xustificación da mesma, di no informe que se deberá modificar un plano da documentación técnica, xa que os terreos de cesión obrigatoria ao solicitarse un novo peche, non poden considerarse a efectos da permuta. Conclúe o informe dicindo que procede solventar as deficiencias documentais apreciadas, así como que a tramitación do expediente condicionarase á necesidade de preservar os muros tradicionais existentes, debéndose solicitar posterior licenza para os novos que desexen realizarse.

Á vista do informe técnico, por resolución de 1 de abril do actual, concedeuse trámite de audiencia a Dona Josefa Sánchez Barreiro, para que presentase a documentación a que se fai referencia no informe do arquitecto, ou por si desexan facer alegacións ao respecto. Pola interesada, presentouse anexo 1 de modificación de proxecto para expediente de desafección e permuta de camiño, ao respecto do mesmo, emitiuse informe técnico polo arquitecto Sr. López Vázquez que se incorpora ao expediente.

Propónse ao Pleno do Concello a desafección do tramo de camiño a que fai referencia a documentación presentada, na que debe acreditarse a súa oportunidade e legalidade. A oportunidade queda xustificada, á vista do informe técnico emitido en base a razóns de interese público, acreditadas na documentación técnica presentada, consistentes en que non se prexudica ao interese xeral, producindo a rectificación puntual do trazado, melloras de seguridade viaria, fluidez do tráfico, salubridade e visibilidade, pretendendo a desconxestión e mellora do trazado do camiño actual, ensanchando o mesmo para facilitar o trámite mediante unha rectificación puntual. O trazado resultante non é contradictorio co previsto no planeamento vixente.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Á vista do novo trazado proposto na documentación presentada, das razóns de oportunidade e conveniencia postas de manifesto, así como da lexislación aplicable e despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por sete votos a favor (dos concelleiros do Grupo Popular presentes no momento da votación) e con tres votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista) e polo tanto co quórum da maioría absoluta legal dos membros da corporación **ACORDA:**

Desafectar como ben de uso público o tramo do camiño citado con anterioridade ao que fai referencia a documentación técnica presentada, identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. 270-7 (que comeza en San Mamede e remata en Bidueiro) conforme á documentación técnica elaborada polo arquitecto Enrique Mayo-OTYSER Servizos de Arquitectura.

Que de conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación provisional da desafectación do camiño, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións.

Que no caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno.

Unha vez aprobado definitivamente o expediente de desafección, as superficies resultante da parcela patrimonial (unha vez desafectada) e as da parcela privada que se cede ao camiño son similares, debendo ser mensuradas e valoradas, unha vez completado o expediente de desafección, incorporándose ao dominio público o novo camiño consecuencia da execución das referidas actuacións.

Dar conta do expediente ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no art. 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Comeza o turno de intervencións coa exposición da proposta polo concelleiro Sr. Casal Pena. Seguidamente o concelleiro Sr. Santos Ramos, di que polo Grupo Socialista neste asunto actuará como portavoz o concelleiro Sr. Barreiro Villar. O Sr. Barreiro di en relación con esta proposta, o seu grupo votará en contra, polas seguintes razóns:

- Consideran que obedece a un interese privado, non colectivo.
- Non hai solicitude dos veciños de Bidueiro e Samede.
- Xa se abriu un camiño que non ten nada que ver co existente, ao realizarse as obras de derribo de un pendello, quedando unha explanada completamente aberta, cando consideran que o xeito de actuar debería



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ser ao revés, e despois do acordo do Pleno sobre o trazado do camiño, proceder a iniciar as obras.

- Remata dicindo que as cousas non se deben facer así, non se trata de un calquera, senón do Alcalde. Engade dirixíndose aos concelleiros que van a votar a favor da proposta que teñan a mesma consideración cando veñan ao Pleno outros expedientes de este tipo e voten de igual xeito, para non dar lugar a inxustizas.

O concelleiro Sr. Casal Pena responde que o Alcalde, como calquera outro veciño, ten obrigas que cumprir e dereitos que pode exercer, podendo facer as solicitudes que consideren oportunas. Consideran que o interese privado da solicitante é compatible co interese público, que queda completamente xustificado no expediente, xa que se mellora a seguridade vial. Pon de manifesto que a documentación presentada inicialmente non se considerou xustificación suficiente, e solicitouse a presentación de documentación complementaria. No que se refire ás obras realizadas, o concelleiro di que se procedeu á demolición de un pendello, para o que se lle concedeu licenza pola Xunta de Goberno, na sesión de 22 de febreiro do actual, cuestión allea a este expediente, non estando á data actual realizadas obras nin actuacións referidas ao expediente de desafectación e permuta do camiño. Engade que a tramitación realizouse segundo o establecido na lexislación vixente, e que despois do acordo plenario, os veciños poden presentar alegacións, que serán resoltas polo Pleno do Concello. Conclúe que en calquera caso faise unha tramitación rigurosa, e no presente, por tratarse de un familiar do Alcalde, mais aún.

O concelleiro Sr. Barreiro Villar responde que pensa que foi claro na súa intervención e non é necesario estenderse mais. Non ten nada que ver o acordado pola Xunta de Goberno, co acordo a adoptar polo Pleno. Engade que outro cidadán non pode facer o que fixo este señor, que sabe que ten ao seu favor o voto da maioría, estando a día de hoxe aquilo aberto e explanado.

O concelleiro Sr. Casal Pena responde que xa se tramitaron mais expedientes de este tipo, reiterando que calquera cidadá pode propor unha actuación, que deberá tramitarse rigurosamente e de conformidade co disposto na lexislación vixente.

O concelleiro Sr. Barreiro Villar di que quere facer constar que non cuestiona que a actuación sexa legal, aínda que non está de acordo co xeito de proceder.

Á vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Tenente Alcalde céntrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o acordo adoptado e solicitando que se incorpore novamente á sesión e á Presidencia da mesma o Sr. Alcalde.



9.- MOCIÓNS.- Polo Sr. Alcalde dise que seguidamente pasarase ao estudio, debate e votación das mocións presentadas polo Grupo Popular e polo Grupo Socialista, con anterioridade á convocatoria da sesión.

D. Álvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lai 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN** relativa a:

INSTALACIÓN DE PANEIS PARA A COLOCACIÓN DE CARTEIS INFORMATIVOS EN TÓDALAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE FRIOL.

Exposición de motivos:

No Concello de Friol existe unha ordenanza de ornamento público que regula a colocación de publicidade, carteis, novas e semellante no mobiliario urbán. Se o fin de dita ordenanza semella sensible con un aspecto do noso entorno aseado e ordeado, a súa aplicación xera problemas e tamé complexidades á hora de dar a coñecer á veciñanza novidades por parte de asociacións, entidades e demais.

Se ben é certo que nas parroquias hai uns paneis nos que o Concello coloca a información que considera de interese, estes están pechados e non poden ser empregados como un panel de uso público. A modo de exemplo bastante ilustrativo o que está a pasar coa colocación de esquelas, que agás en puntos moi concretos ababan colocadas en árbores, paredes e lugares semellantes. Tamén é habitual atoparse con carteis de festas patronais das nosas parroquias colocados en lugares, ás veces, ata inxeniosos. Tamén limita a capacidade de difusión de actividades de moitas asociacións, que ven limitado o espazo no que difundilas ás redes, locais públicos ou locais de hostalería e comercios do noso concello.

Dende o Grupo Municipal Socialista consideramos que en nada é incompatible manter un orde e aseo do noso entorno co ofrecer a posibilidade de anunciar eventos, actividades ou o que se precise en calquera das nosas parroquias e, ao igual que existen paneis informativos para uso do Concello, tamén poden existir para o público e entidades en xeral.

É por elo que propoñemos ao pleno a adopción do seguinte

Acordo:

O Concello de Friol instalará paneis de anuncios en tódalas parroquias do Concello para que os cidadáns, asociacións e entidades que queiran colocar anuncios de interese para os veciños e veciñas poidan facelo sen empregar outros espazos non adecuados e, así, manter o entorno nunhas condicións óptimas.

En Friol a 7 de xuño de 2016.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista

Sometida a votación a moción presentada polo Sr. Santos Ramos sobre a instalación de paneis para a colocación de carteis informativos en todas as parroquias do Concello de Friol, despois dun breve turno de intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestarlle aprobación á moción presentada, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse a un breve turno de intervencións. Comeza coa exposición do concelleiro Sr. Santos Ramos. Di que se refire a unha actuación sinxela e pouco custosa. Fai referencia a que o concello conta cunha ordenanza de ornato público moi restritiva, polo que se deben habilitar espazos, para colocar información que sexa de interese, referíndose a exemplos como o que



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

figura na exposición de motivos, que é habitual ver colocadas esquelas, carteis das festas, ou actividades de asociacións en árbores ou paredes.

O Sr. Alcalde responde que están de acordo con todas as mocións presentadas polo Grupo Socialista, e que votarán a favor das mesmas. En relación coa presente, di que xa hai paneis en moitas das parroquias e colocaranse nas restantes, se fai falta.

Á vista de que non se desexa facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde cérrese o debate e procédese á votación, no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

D. Álvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lai 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN relativa a:

PAGO DAS AXUDAS DA PAC AOS GANDEIROS E GANDEIRAS

Os gandeiros e gandeiras están a pasar por un momento francamente delicado que está poñendo en risco a constinuidade e sostibilidade de moitas explotacións. Se a situación é especialmente crítica no sector leiteiro tampouco é óptima no da produción de carne.

Para os gandeiros as axudas que reciben por diferentes conceptos son vitais para o sostemento económico da súa actividade, así como para a planificación e desenvolvemento de tarefas inherentes ao seu traballo.

De entre tódalas axudas se hai unhas de maior importancia esas son as axudas da PAC, pois delas depende a viabilidade de moitas explotacións. Axudas estas que teñen unha tramitación engorrosa e complexa e que tardan en resolverse e pagarse habitualmente máis do que os gandeiros beneficiaría realmente.

Nos intres máis intensos da crise lácteo houbo anuncios de que se pagaría inmediatamente a PAC, que axilizaría o posible e que así, os gandeiro polo menos obterían liquidez ante unha situación de ingresos dramática. Pero actualmente, a piques de rematar o mes de Xuño, moitos gandeiros aínda non recibiron ese ansiado ingreso e moitísimos outros veñen de recibilo moi recentemente.

Sen dúbida está é unha situación que ten que mudar no sentido de acadar unha xestión eficiente e áxil das axudas para un sector vital para o noso territorio.

É por elo que propoñemos ao pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia a que, de quedar algún gandeiro a día de hoxe pendenete de cobrar a PAC, proceda ao pago urxente das axudas pendentes.
- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia a que analice pormenorizadamente que feitos e situacións xeran estes retrasos e habilite as medidas e instrumentos necesarios para que en vindeiras anualidades os gandeiros poidan percibir as súas axudas nun prao razonable que favoreza e non dificulte a xestión económica da súa actividade.

En Friol a 13 de xuño de 2016.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista".



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O concelleiro Sr. Santos Ramos, di que desde a data de presentación da moción ata hoxe está finalizado o pago, polo que a día de hoxe xa cobrou moita xente, polo que se suprime o primeiro párrafo da proposta.

Polo tanto, sométese a votación a moción presentada polo Sr. Santos Ramos sobre o pago das axudas da PAC aos gandeiros e gandeiros, que coa supresión do párrafo citado, a parte dispositiva da moción, queda o seguinte tenor literal:

“O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia a que analice pormenorizadamente que feitos e situacións xeran estes retrasos e habilite as medidas e instrumentos necesarios para que en vindeiras anualidades os gandeiros poidan percibir as súas axudas nun prao razoable que favoreza e non dificulte a xestión económica da súa actividade”.

O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestarlle aprobación á moción presentada coa supresión do párrafo anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

D. Álvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN** relativa a:

REPOSICIÓN DE AO MENOS UNHA PRAZA DE MÉDICO NO CENTRO DE SAÚDE DE FRIOL

Exposición de motivos:

O Concello de Friol ata hai moi poucos anos sempre contou cunha plantilla de 5 médicos de atención primaria, unha planificación que daba cobertura aos veciños e veciñas de Friol sen xerar problemas.

Actualmente, o Centro de Saúde de Friol, só conta con 3 médicos de atención primaria en plantilla, a diferenza dos 5 que existían recentemente.

De esa plantilla de 5 que primeiro quedou reducida a 4 pola xubilación de un dos titulares e máis recentemente polo traslado de outro, a realidade é que hoxe só quedan tres profesionais para cubrir unha demanda de atención primaria dos veciños e veciñas de Friol, o que provoca en moitas ocasións que cando, por unha razón ou por outra, algún dos médicos teña que ausentarse ou faltar algún día ou días, en realidade se atopan no Centro de Saúde só 2 profesionais, o que a todas luces é un servizo deficitario, non por falta de profesionalidade, responsabilidade e compromiso dos facultativos, senón por un déficit de efectivos.

Dende o grupo municipal socialista consideramos que esta situación debe ser corrixida de xeito inmediato para poder garantir aos friolenses a mellor sanidade pública posible e máis na prestación de atención primaria á que se recorre con tanta frecuencia.

É por elo que propoñemos ao pleno a adopción do seguinte

Acordo:

- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia e en concreto á Consellería de Sanidade así como ao Sergas a cubrir de xeito inmediato un cuarto médico de atención primaria no Centro de Saúde de Friol.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia, e en concreto á Consellería de Sanidade e ao Sergas a, unha vez cuberta de xeito inmediato a cuarta praza de médico de atención primaria, a habilitar unha quinta praza de médico de atención primaria no Centro de Saúde de Friol.
- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia a cubrir cada unha das ausencias que se produzan na plantilla de 3 médicos de medicina interna ocupadas actualmente no Centro de Saúde de Friol de xeito que tódolos días sexan como mínimo 3 os profesionais que se atopen no Centro de Saúde excepto que teñan urxencias ou saídas a domicilios.

En Friol a 13 de xuño de 2016.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos di que a política de restrición de gasto levou a esta situación, e dos cinco médicos que había recentemente, o Concello de Friol actualmente soamente conta con tres médicos. Sabe que é difícil que se recupere de inmediato unha plantilla de cinco médicos, pero quere facer unha proposta sensata, que se atenda o servizo de atención primaria de Friol, do mellor xeito posible, pedindo que se cubra de un xeito inmediato o posto do cuarto médico. Engade que se suprime o terceiro párrafo da parte dispositiva da moción, no senso de cubrir as ausencias que se produzan na plantilla de tres médicos con que conta actualmente o centro de saúde, xa que eso estase cumprindo.

O Sr. Alcalde responde está totalmente de acordo co moción, quere facer un pequeno inciso, facendo referencia a unha reunión que mantiveron Mauro é el co xerente do Hula e o Delegado de Sanidade de Lugo, en relación coa cobertura das ausencias, onde se adquiriu un compromiso que a día de hoxe se está executando.

O concelleiro Sr. Santos Ramos di que non o discuten e que lle collen a palabra.

Sometida a votación a moción presentada polo Sr. Santos Ramos, coa supresión do parrágrafo citado, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestarlle aprobación á moción presentada, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

“D. Álvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lai 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN** relativa a:

REPOSICIÓN DAS LIÑAS DE AUTOBÚS FRIOL-LUGO E LUGO-FRIOL NA TEMPADA NON ESCOLAR

Exposición de motivos:

O servizo de autobús metropolitano posto en marcha hai uns anos e ao que o Concello de Friol está adscrito está pensado para da unha solución de mobilidade aos veciños e veciñas dos Concellos da contorna da capitalidade da Provincia para que poidan desplazarse á mesma con facilidade.

En concreto no Concello de Friol dende moito tempo atrás, incluso antes do transporte metropolitano, existía unha liña de autobús que partía pola mañán cedo dende Parga, no límite do Concello de Guitiriz e que chegaba a Lugo despois de percorrer un importante número de parroquias e paradas do noso concello incluíndo a propia vila de Friol. Recorrido que pola tarde noite se repetía en sentido inverso.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Na actualidade durante a etapa escolar os veciños e veciñas de Friol dispoñen dun servizo de autobús que saíndo de Parga ás 7:15 chega a Lugo ás 8:30, outra que sae de Friol ás 10:00 e unha última que sae de Friol ás 18:00 h.

En canto aos horarios con destino a Friol existen en tempada escola unha liña que sae de Lugo ás 13 horas, outra que sae ás 14:45 e unha última que sae de Lugo ás 19:15 con chegada a Parga.

Con esta frecuencia pódese entender ben cuberto o servizo de transporte metropolitano entre o Concello de Friol e Lugo, pero estas liñas non se manteñen durante todo o ano, pois fora da tempada escolar suprímese o primeiro servizo da mañán, é dicir o que sae de Parga ás 7:15 pasando por Trasmonte, Friol, Stra. María Alta e chegando a Lugo ás 8:30. Co cal, aquel que queira viaxar a Lugo e facelo en autobús desde Friol só lle queda a opción de facelo ás 10:00 h da mañán ou ás 18:00 h da tarde.

O mesmo pasa coa liña de Lugo a Friol que en tempada escolar sae de Lugo ás 14:45, no verán suprímese quedando só dúas opcións de regreso a Friol en autobús dende Lugo, unha ás 13:00 h e outra ás 19:15 h, que en vez de rematar en Parga finaliza o servizo en Friol.

Esta planificación horaria para nada facilita as comunicacións e os desplazamentos dos veciños de Friol cara a capital da Provincia, pois non poder chegar en autobús á cidade de Lugo antes das 10:30 horas ou ter que regresar antes das 13:00 horas cando tódalas administración, comercios, etc. aínda están en horario de atención provoca que o espazo de tempo entre a chegada e a saída sexa insuficiente para aproveitar a facer, en moitos casos, as xestións necesarias, e por tanto, obrigando aos cidadáns a facer máis dunha viaxe ou ter que agardar horas pola tarde para viaxar no seguinte autobús.

O servizo de transporte metropolitano é pomovido pola Xunta de Galicia e articulado a través dun convenio con diferentes Concellos de xeito que tanto a administración autonómica como o propio Concello de Friol aportan importantes cantidades económicas para a prestación deste servizo.

É polo que propoñemos ao pleno a adopción do seguinte

Acordo:

- O Concello de Friol reclama que se manteña fóra da tempada escolar a liña de autobús dende Parga a Lugo pasando por Friol cuxo horario de saída é ás 7:15 dende Parga, e tamén, a de Lugo a Friol con horario de saída ás 14:45. Así como que, fóra de tempada escolar de instituto, a liña de Lugo a Friol con saída ás 19:15 chegue ata Parga en vez de só ata Friol
- O Concello de Friol insta á Xunta de Galicia a facer cantas xestións sexan necesarias para repoñer o servizo da totalidade das liñas mencionadas con anterioridade de xeito que o servizo sexa o mesmo durante todo o ano.

En Friol a 7 de xuño de 2016.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista”

Despois dunha breve exposición da mesma polo concelleiro Sr. Santos Ramos, na que fai constar que o servizo de transporte o concello asume un importante para a prestación do servizo, á vista do perfil do usuario do mesmo, considera que as frecuencias do mesmo deben manterse durante a etapa non escolar, xa que calquera usuario que vai facer unha xestión a Facenda, ou ao Hula, por poñer un exemplo, non lle da tempo de coller o bus da unha.

O Sr. Alcalde, responde que o seu Grupo está totalmente de acordo coa proposta da moción, como non podería ser de outro xeito.

Sometida a votación a moción presentada polo Sr. Santos Ramos sobre a reposición das liñas de autobús Friol-Lugo e Lugo Friol na tempada non escolar, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestarlle aprobación á moción presentada, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

10.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas entre o catro de xaneiro ata o trinta e un de marzo do do actual.

11.- INFORMES DA ALCALDÍA.- A continuación, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno como cuestión de interese para o mesmo, que se procedeu á comunicación da actualización do calendario e presuposto de Tesourería, así como o saldo de débeda viva e os seus vencementos non vindeiros anos, correspondentes ao primeiro trimestre do actual exercicio económico.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta a maiores dos presentados por escrito con anterioridade á convocatoria da sesión, das que pasará a dar resposta seguidamente.

Polo concelleiro Sr. Santos Ramos refírese a se houbo algunha actitude de algún membro do goberno local, despois dunha campaña electoral, en relación co manifestado sobre a pretensión de algún veciño, atribuíndo obstáculos á labor fiscalización grupo provincial socialista. Engade que pode parecer gracioso, pero non o é, e que se debe concebir a política como verdade, sinceridade, e non se pode falar de retirada de pensión así como así.

O Sr Alcalde responde que os dous viron as redes sociais. Ao respecto responde que a primeira é mentira, e con respecto á segunda non coñece que retiraran pensións por motivos políticos, outra cousa é que non cumpriran os requisitos administrativos.

Seguidamente pasarase a dar resposta as cuestións formuladas por escrito, con anterioridade á convocatoria da sesión.

Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como meller en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Estidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte

ROGO:

- Que o Concello de Friol proceda a acometer o antes posible as obras de mellora necesarias para arranxar o firme e tapar os baches e zonas estropeadas existentes na estrada municipal que vai dende o Centro Social de Condes cara o Barrio de Arriba, por atoparse bastante deteriorada en todo o seu traxecto e moi significadamente no entorno das vivendas.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

En Friol a 15 de xuño de 2016.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista.

Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como meller en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Estidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte

ROGO:

- Que o Concello de Friol proceda a acometer o antes posible as obras reparación necesarias na Estrada Municipal de Lousado, na parroquia de Xiá.

En Friol a 15 de xuño de 2016.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista.

Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como meller en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Estidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte

ROGO:

- Que o Concello de Friol proceda a acometer o antes posible as obras de mellora necesarias para arranxar os problemas de deterioro que ten a estrada municipal que vai do centro de Miraz ata A Pena por Villaldar.

Friol a 15 de xuño de 2016.- Asdo.- Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista.

En relación cos rogos, presentados polo concelleiro Sr. Santos Ramos, o Sr. Alcalde di que toma nota das deficiencias ás que se refiren e procederán a executarse as reparacións necesarias, na medida das posibilidades.

A continuación pásase a dar resposta ás preguntas formuladas, que a continuación se transcriben:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como meller en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Estidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Friol conta cun parque móbil cun importante número de vehículos, maquinaria, etc.

Vehículos e maquinaria son fundamentais para o desenvolvemento de actividades cotiás da administración local sendo empregados por diferentes traballadores do Concello de Friol.

A adquisición e mantemento dun parque móbil é unha inversión importante para o Concello de Friol, polo que un correcto manexo, mantemento e uso do mesmo é fundamental.

Polo exposto, preséntase ao Goberno Municipal as seguintes

PREGUNTAS:

- Quen é ou son os responsables do Parque Móbil Municipal do Concello de Friol?
- De que órgano ou órganos de goberno depende o Parque Móbil Municipal?
- Existe algún sistema de seguimento e control de uso dos diferentes vehículos e maquinas que compoñen o Parque Móbil do Concello de Friol?
- De ser así, en que consiste ese sistema e como funciona?

En Friol a 22 de xuño de 2016.- Asdo. Álvaro Santos Ramos.- Voceiro do Grupo Municipal Socialista.

En relación coa primeira cuestión, responde o Sr. Alcalde que o responsable é o Encargado de mantemento José Manuel López Díaz.

En relación coa segunda cuestión, responde que depende do equipo de goberno do concello, non estando adscrito a ningún órgano en concreto.

En relación coa terceira cuestión, responde que si existe sistema de seguimento e control.

En relación coa cuarta cuestión, responde que o concello ten un amplo equipo de vehículos, posiblemente non hai outro concello das características do noso que poida contar con tan variado parque móbil, un equipo de máquinas que reúnen unhas condicións óptimas para desenvolver os traballos para os que foron adquiridas.

Engade que entre os vehículos e maquinaria, están por exemplo dous tractores, con dúas desbrozadores laterais, un deles ten unha pala cargadora, camión cisterna de betún, camión gravillador, compactador, pala excavadora, etc. Trátase de



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

maquinaria que soamente pode conducirse por persoal propio e especializado do concello. Tamén hai vehículos todoterreo, que son usados polos traballadores do concello para o seu transporte a parroquias do concello, onde desenvolven labores de melloras e mantemento. Engade que ademais os traballadores fan turnos polas tardes. Os vehículos úsanse polas tardes polo Encargado de mantemento e polo traballador que estea de garda, que vai turnando cada semana, xa que deben estar de servizo e disponibles para calquera urxencia ou imprevisto que poida xurdir, de ahí que utilicen vehículos oficiais polas tardes. Conclúe dicindo que o resto dos vehículos e de maquinaria, soamente se usa en xornada laboral e por persoal propio.

Á vista de que non hai mas asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e cincuenta e cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario do concello, redacto a presente acta e dou fe.